

II Seminario Nacional Atención educativa ao alumnado inmigrante. Experiencia e innovación

I Santiago de Compostela, 13, 14 e 15
de novembro do 2008 I

A actividade está patrocinada pola Secretaría Xeral de Emigración e conta coa colaboración da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do Sistema Universitario de Galicia).

Nas nosas escolas temos preto de doce mil alumnos de orixe foránea, e esta Comunidade autónoma está entre as primeiras no cómputo da inmigración de retorno, cuestións que figuran na lista das que merecen estudo e compromiso por parte da Administración, para que o proceso de integración destas persoas no corpo social discorra por canles cívicas e xeradoras de boa convivencia.

Estes propósitos, vinculados aos obxectivos estratéxicos das políticas públicas, están moi presentes no Plan estratéxico de cidadanía e integración, que o goberno central puxo a andar a primeiros do 2007, e mesmo, no Plan galego de cidadanía, convivencia e integración, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 7 de febreiro do 2008.

O seminario tentará dar continuidade á análise e á avaliación de enfoques, programas e metodoloxías que veñen informando a renovación curricular e a posta en valor de innovacións susceptibles de ir optimizando, tanto as oportunidades académicas do alumnado inmigrante, como a mellor acomodación das súas familias aos novos contextos de vida social e comunitaria.

O II Seminario pode servir para avanzar na consolidación dun espazo de encontro entre profesionais do ensino e estudosos da inmigración en perspectiva socio-pedagóxica, e ofrecer respostas a preguntas importantes neste eido da realidade educativa.

Máis información

Facultade de Ciencias da Educación
Campus Sur
15782 Santiago de Compostela

Secretaría

981 563 100, ext. 13758/13890
www.usc.es/esculca/

Congreso Internacional Educación Infantil y desarrollo de competencias

I Madrid, 28, 29 e 30 de novembro do 2008 I

Centrar o traballo en competencias esixe deseñar experiencias nas que os nenos e as nenas poidan pensar, expresarse a través de distintos medios, facer propostas, explicar, cuestionar, comparar, traballar en colaboración, manifestar actitudes favorables cara ao traballo e á convivencia, etc. Á vez, precisa ambientes educativos nos que os rapaces se sintan cada vez máis seguros, autónomos, creativos e participativos.

Este congreso ofrece estratexias a través das que o profesorado pode promover, fortalecer e desenvolver as ditas competencias, para o que reúne os persoeiros máis representativos do ámbito da educación infantil.

Máis información

www.waece.org/madrid/home.html



II Congreso Mundial de Educación de la Infancia para la Paz

I Washington, 18, 19 e 20 de marzo do 2009 I

A Organización dos Estados Americanos (OEA/OAS) e a Asociación Mundial de Educadores Infantiles (AMEI/WAECE) son os encargados de organizar este evento que complementará as aprendizaxes adquiridas durante o I Congreso Mundial de Educación de la Infancia para la Paz, celebrado en España, en abril do 2007.


A actividade está dirixida ás máis altas autoridades e persoas ilustres da educación (ministros, líderes de ONG, sociedade civil, empresas e estudosos da educación para a Paz).

Este segundo congreso ten o propósito de indagar arredor dos últimos avances mundiais sobre a Educación para a Paz, e chamar a atención da comunidade internacional sobre a importancia de educar en valores dende a primeira infancia.

Trátase de poñer a disposición dos políticos, experiencias, leccións aprendidas, resultados de estudos e investigacións, así como procedementos pedagóxicos e metodolóxicos que poidan achegarse ás políticas para fomentar a educación para a convivencia pacífica dende a primeira infancia.

Máis información

www.waece.org/educacionpaz/



X Congreso Interuniversitario de Organización de Instituciones Educativas

I Barcelona, na Casa de Convalescència, 11, 12 e 13 de decembro do 2008 I

O congreso está organizado polas universidades de Barcelona e Autónoma de Barcelona, e conta coa colaboración das universidades de Girona, Lleida, Rovira i Virgili e Illes Balears.

Co lema, "Organizaciones Educativas al Servicio de la Sociedad", pretende resaltar o carácter instrumental das organizacións respecto á realidade na que se sitúan e, ao mesmo tempo, salientar o seu compromiso co desenvolvemento dunha sociedade máis xusta, equitativa e solidaria.

As súas liñas de acción prioritarias son:

- A organización e o desenvolvemento do sistema educativo e doutros sistemas formativos.
- A organización e dirección das institucións educativas.
- A ensinanza-aprendizaxe das materias relacionadas coa organización das institucións educativas.

Máis información

Coordinadores da Secretaría

María José García San Pedro
Aleix Barrera Corominas

Departament de Pedagogia Aplicada

Edifici G6 (Campus da UAB)
08193 Bellaterra (Cerdanyola del Vallès) España

Teléfono: (+34) 93 5814836

Fax: (+34) 935813052

info@cioie.com

Horario de atención

Martes e mércores: de 10 a 13 e de 15 a 17

inscripciones@cioie.com

www.cioie.com/



III Congreso Internacional de Educación Intercultural

I Auditorio da Universidade de Almería,
6, 7 e 8 de novembro do 2008 I

Co lema “La formación para el desarrollo de una sociedad intercultural”, o congreso quere informar e formar persoas autóctonas e inmigradas para lograr unha sociedade intercultural na que teñan cabida todos os grupos culturais e de diversas procedencias, nos ámbitos educativo, da saúde e da empresa.

Xunto a estes obxectivos, pretende acadar outros máis concretos e de aplicación máis práctica e directa, entre eles:

- Potenciar a formación do profesorado no tema da educación intercultural para contribuír ao desenvolvemento de sociedades críticas, democráticas e abertas á diversidade cultural.
- Diseñar estratexias de formación nos contextos educativo, da saúde e da empresa, para chegar a sociedades interculturais.
- Fomentar a educación e a participación da muller autóctona e inmigrante.

Máis información

www.ieei.ual.es



I Festival Internacional de Tráilers Falsos

I O prazo de presentación de tráilers é do 1 de setembro ao 31 de decembro do 2008 I

Dende o día 1 de setembro a web teaserland.com acolle o Primeiro Festival Internacional de Tráilers Falsos, un proxecto de VAS A VER e ACCIÓN MEDIA.

O festival propón realizar un falso tráiler dunha película que non exista e colgalo en Teaserland.com a partir do 15 de setembro.

O premio, de 30.000 euros, vai destinado á realización dunha curtametraxe e outorgarao en xaneiro do 2009 un xurado composto por Jaume Balagueró (director de cine), Mirito Torreiro (crítico de cine), Gregorio Belinchón (xornalista de cine), Esther García (produtora), Angel Sala (director do Festival Internacional de Cinema de Catalunya – Sitges) e Manel Vicaría (Vas a ver).

Nesta primeira edición colaboran directores convidados, como Jaume Balagueró, Paco Plaza, J. A. Bayona, Isabel Coixet, Enrique Urbizu, José Corbacho, Juan Cruz, Jaime Rosales, Bill Plympton, e Raúl García, aos que Sony cedeu unha cámara para realizar o falso tráiler fóra de concurso.

O día 4 de outubro tivo lugar a presentación do proxecto no marco do Festival de Cine de Sitges, co que teaserland.com está irmandado. Nesta presentación, ademais dos tráilers enviados polos participantes, puideron verse en primicia os tráilers falsos realizados polos directores convidados.

Máis información

www.teaserland.com

